

*DEPARTAMENTO de LINGUA e LITERATURA GALEGAS*

***Instituto de Educación Secundaria  
'XOSÉ NEIRA VILAS'***

Perillo (Oleiros)

***PROXECTO PEDAGÓXICO  
para LINGUA e LITERATURA GALEGAS  
curso 2020-2021***

## 1.- AVALIACIÓN DE ALUMNADO PENDENTE :

Este curso non hai alumnado pendente.

## 2.-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE ESO

	ESO, curso regular
<i>(en porcentaxes)</i>	
Contidos <i>(probas escritas e orais)</i>	<b>80</b>
Competencias básicas <i>(atención, participación, tarefas fóra do centro...)</i>	<b>10</b>
Material de traballo	<b>10</b>

Deberán realizarse , mínimo , dúas probas escritas por avaliación e será obrigatoria a lectura dunha obra literaria en cada avaliación. Para os alumnos de primeiro, segundo , terceiro e cuarto ESO haberá tamén unha obra optativa que, no caso de superarse a comprobación de lectura, subirá un 0,5 na nota final de avaliación, sempre que a suma dos dous exames escritos chegue ao 4,5.

Cómpre subliñar que *o ter sen xustificar a lectura das obras literarias obrigatorias en cada avaliación motivará unha cualificación **insuficiente**.*

*A final de curso, un alumno que non teña lido as tres obras literarias obrigatorias poderá ser cualificado con **insuficiente**.*

## 3.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DE BACHARELATO

**3.1. PRIMEIRO:** O 80% da nota final da avaliación será a suma dos exames escritos. Un exame será de gramática e outro exame será de literatura , análise dun texto e libro de lectura.

O 20% restante será a lectura doutro libro voluntario, comentarios e outra serie de actividades que se requiran. Para cuantificar ese 20% haberá que ter un 4,5 de media nos dous exames .

Farase un exame de recuperación de cada avaliación que se realizará en dous días consecutivos.

**3.2. SEGUNDO :** o 90% da nota final en cada avaliación será a suma dos exames escritos. Para chegar a este 90% , o alumno deberá ter unha cualificación na parte de literatura e sociolingüística igual o maior ao 50% da puntuación requirida neses bloques específicos. Non chegar a ese mínimo suporá unha cualificación insuficiente na avaliación.

O 10% restante será a lectura dunha novela contemporánea por determinar, necesaria para afianzar ortografía, léxico...

No terceiro trimestre non haberá que ler ningún libro, por tanto a cualificación final será a media dos dous exames.

A elaboración de textos modelo ABAU sumará 0.25 sempre que o alumno acade un 5.

Haberá un exame de recuperación de cada avaliación que tamén se fará en días consecutivos.

Nos dous cursos do bacharelato será requisito indispensable para aprobar a avaliación ter superada a lectura do libro proposto. A derradeira avaliación de segundo quedará exenta da lectura obrigatoria . Nas respectivas avaliacións haberá unha proba para poder recuperar os libros que quedaran pendentes .

### 3.- TEMPORALIZACIÓN CURSOS ESO

PRIMEIRO	TRES UNIDADES EN CADA AVALIACIÓN
SEGUNDO	TRES UNIDADES EN CADA AVALIACIÓN
TERCEIRO	TRES UNIDADES EN CADA AVALIACIÓN
CUARTO	TRES UNIDADES EN CADA AVALIACIÓN

### 4.- TEMPORALIZACIÓN CURSOS BACHARELATO.

#### 4.1 PRIMEIRO BACHARELATO

Neste curso e de maneira opcional, pois pola COVID -19 1ºB sofre un desdobre a partir do número 16 inclusive, alterarase a orde das unidades no bloque de morfoloxía, lingua e sociedade e tipoloxía textual. No bloque de literatura seguimos a orde cronolóxica por razóns obvias de cronoloxía. Así na primeira avaliación de modificarse a orde os contidos que se desenvolverán serán os seguintes:

a) Bloque morfoloxía , lingua e sociedade e tipoloxía textual.

Comezamos polas unidades 6 e 7: o verbo e o texto argumentativo que vimos completamente .

Continuamos coa metade da unidade 1: a comunicación, sociedade e comunicación, signo lingüístico( significante e significado), dobre articulación da linguaxe, variedades lingüísticas e rexistros.

b) Bloque Literatura.

Unidade 9 : comentario texto literario, sobre todo poético.

Unidade 10: o galego na Idade Media. Literatura galego-portuguesa medieval.

Unidade 11: cantigas amorosas: Amigo e Amor.

Unidade 12: cantigas de burlas, xéneros menores , cantigas de Santa María

#### SEGUNDA AVALIACIÓN:

a) Bloque morfoloxía , lingua e sociedade e tipoloxía textual.

Comezamos pola segunda metade da unidade 1 : o galego como lingua románica. Do latín ao galego( cultismo, semicultismo e palabra patrimonial).

Unidade 4: o pronome persoal

Unidade 8: preposicións e locucións preposicionais, adverbio e locucións adverbiais.

Bloque Literatura.

Unidade 13: séculos escuros, pre-rexurdimento.

Unidade 14: O Rexurdimento, claves e precursores.

Unidade 15: Rexurdimento pleno. Rosalía de Castro.

## TERCEIRA AVALIACIÓN:

UNIDADE 2 . UN MUNDO DE LINGUAS

UNIDADE 3 . O NOME. O TEXTO DESCRITIVO

UNIDADE 5. AS PALABRAS ADNOMINAIS. O TEXTO EXPOSITIVO.

UNIDADE 16. EDUARDO PONDAL. ESCOLA PONDALIANA. CURROS ENRÍQUEZ E A SÚA ESCOLA POÉTICA. A PROSA E O TEATRO DO REXURDIMENTO.

## 4,2.-SEGUNDO DE BACHARELATO

Deberán entrar en cada avaliación dous temas de sociolingüística e catro de literatura. A secuencia dos temas é a que aparece reflectida na páxina da CIUGA.

Este curso marcado pola covid-19 dedicaremos o primeiro trimestre a repasar os contidos só morfolóxicos non adquiridos o curso anterior que serán o nome e as palabras adnominais. O programa de literatura de segundo é suficientemente amplo como para incluír o tema de primeiro que sería Pondal e Curros , agás que o grupo de traballo da CIUGA determine o contrario.

## 5.-ACTIVIDADES A REALIZAR.

Este ano debido á COVID-19 non programaremos , en principio, ningunha actividade en espazos cerrados, nin que supoñan un risco de contaxio.

- Colaboración coa biblioteca do centro
- Celebración Letras Galegas 2020 .
- Participación estreita nas actividades que realice Normalización Lingüística.

## 6.- LIBROS de TEXTO

1º de ESO EDIXGAL

2º de ESO EDIXGAL

3º de ESO Edicións Xerais

4º de ESO Edicións Xerais

1º de Bacharelato

Consortio Editorial Galego

2º de Bacharelato

Consortio Editorial Galego

### **7.- RELACIÓN PROFESORADO DESTE DEPARTAMENTO.**

NOMES	GRUPOS	CARGOS
Ana Crego Yáñez	2ºBACHA/B, 1ºBACHA/B, 1ºESOA	Xefa de Seminario Titora 1ºBACHA
Eva López Villanueva	3ºESO A/B/C, 4ºESOA/B, 1ºBACH B	Titora 3ºESOB
Samuel Rodríguez López	1º ESO B/C, 2ºESO A/B/C, 4ºESOC	

